

## INSTITUTO ENERXÉTICO DE GALICIA

*Resolución do 17 de xuño de 2010 pola que se modifica a Resolución do 13 de abril de 2010, pola que se regulan os ficheiros de datos de carácter persoal do Instituto Enerxético de Galicia (Inega).*

Por Resolución do 13 de abril de 2010 reguláronse os ficheiros de datos de carácter persoal do Instituto Enerxético de Galicia (Inega), ben que no de Contabilidade e fiscalidade como nivel das medidas de seguridade consta o básico, cando pola finalidade de facenda pública que posúe o ficheiro e de conformidade co artigo 81.2º do Regulamento de desenvolvemento da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, aprobado polo Real decreto 1720/2007, do 21 de decembro, se debe establecer un nivel de seguridade de nivel medio.

En consecuencia, e de acordo coas atribucións que me confire o artigo 8 da Lei 3/1999, do 11 de marzo, de creación do Instituto Enerxético de Galicia,

### RESOLVO:

Primeiro.-Modificar, no anexo da Resolución do 13 de abril de 2010, pola que se regulan os ficheiros de datos de carácter persoal do Instituto Enerxético de Galicia (Inega), o ficheiro denominado Contabilidade e fiscalidade que, na súa epígrafe i.- Medidas de seguridade, queda redactado do seguinte xeito:

«i) Medidas de seguridade: nivel medio. As medidas de seguridade do ficheiro están especificadas no correspondente documento de seguridade».

Santiago de Compostela, 17 de xuño de 2010.

Eliseo Diéguez García  
Director do Instituto Enerxético de Galicia

## INSTITUTO GALEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA

*Corrección de erros.-Resolución do 21 de maio de 2010 pola que se dá publicidade ao acordo do Consello de Dirección do Instituto Galego de Promoción Económica (Igabe), que aproba as bases reguladoras das axudas do Igabe ao programa de apoio á innovación das pequenas e medianas empresas en Galicia (Programa Innoempresa), cofinanciado polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, e se procede á súa convocatoria en réxime de concorrencia competitiva.*

Advertidos erros na referida resolución, publicada no DOG nº 100, do 28 de maio de 2010, procede facer as seguintes correccións:

-Na páxina 9.618, no artigo 5.8, onde di: «... Non se exixirá xustificalo se polas especiais características

dos gastos non existe no mercado suficiente número de entidades que o subministren ou presten ou, no caso en que se celebre o contrato con anterioridade á solicitude da subvención. Deberá xustificarse ...», debe dicir: «... Non se exixirá xustificalo se polas especiais características dos gastos non existe no mercado suficiente número de entidades que o subministren ou presten. Deberá xustificarse ...».

-Na páxina 9.622, no artigo 13, onde di: «13.3. (...)», debe dicir: «13.2.1. (...)».

Onde di: «13.4. (...)», debe dicir: «13.2.2. (...)».

Onde di: «13.5. (...)», debe dicir: «13.3. (...)».

-Na páxina 9.624, no artigo 15.8, onde di: «Advírtese que calquera discrepancia entre a documentación xustificativa e as declaracións da solicitude de axuda poderá ser motivo de inicio de expediente de incumprimento que, se é o caso, poderá supor a modificación ou revogación da concesión e o reintegro, se é o caso, das cantidades previamente aboadas»; debe dicir: «Advírtese que calquera discrepancia entre a documentación xustificativa e as declaracións da solicitude de axuda poderá ser motivo de inicio de expediente de incumprimento que, se é o caso, poderá supor a modificación, ou a revogación se o incumprimento é superior ao 50%, da concesión, e o reintegro, se é o caso, das cantidades previamente aboadas».

-Na páxina 9.627, no anexo I, artigo 2.2, no segundo parágrafo, onde di: «As pemes de menos de 10 traballadores fixos ou que non dispoñan de persoal técnico propio deberán contratar con centros ou institucións tecnolóxicas o desenvolvemento do proxecto»; debe dicir: «As pemes de menos de 10 traballadores fixos ou que, superando esa cifra, non dispoñan de persoal técnico propio, deberán contratar con centros ou institucións tecnolóxicas o desenvolvemento do proxecto».

## INSTITUTO GALEGO DA VIVENDA E SOLO

*Resolución do 23 de xuño de 2010 pola que se delegan competencias en materia de vivenda e solo no director xeral do Instituto Galego da Vivenda e Solo e nos xefes territoriais da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas.*

O Decreto 83/2009, do 21 de abril, fixou a nova estrutura orgánica dos departamentos da Xunta de Galicia, suprimindo a Consellería de Vivenda e Solo, e adscribindo o organismo autónomo Instituto Galego da Vivenda e Solo (en diante IGVS) á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas.

A Resolución do 14 de maio de 2009 do presidente do IGVS delegou no director xeral do IGVS as facultades que tiña como órgano de contratación o presidente do IGVS.